

XIV Limpeza simultânea de rios. Setembro 2021



Proxecto Ríos





O obxectivo desta actividade é achegar as persoas ao río e denunciar a contaminación e o deterioro dos mesmos, un dos problemas ambientais máis graves de Galiza.

ADEGA e Proxecto Ríos organizan esta Limpeza Simultánea de Ríos dende o ano 2007, confiando en que esta actividade sexa unha importante ferramenta na educación ambiental e concienciación cidadá cara a conservación dos ecosistemas fluviais.

O domingo 25 de setembro de 2021 realizouse a **XIV Limpeza Simultánea de Ríos** en 51 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais... até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando ás 67 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Pontevedra, Gondomar, Santiago de Compostela, ou Redondela entre outros. Este ano fíxose a limpeza en 61 treitos de río e participaron 991 persoas.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenís, ecoloxistas... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende o inicio, e ao longo destes trece anos podemos observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos apadriñados por estas entidades, aínda que en 2020 volveron a aparecer moitas rodas de automóviles.

Para a xornada de voluntariado os participantes puideron consultar o Protocolo de Actuación que se pode descargar en PDF na seguinte ligazón <http://limpeza.proxectorios.org/limpeza-de-rios/> Este ano ademais, os participantes recibiron como agasallo unha máscara co lema da limpeza "Móllate polos ríos" .

Aínda se verten moitos residuos aos ríos. Desta volta recolléronse refugallos moi variados, e coma sempre abundaron os plásticos: botellas, garrafas, bolsas, sacos... Apareceron rodas, baterías e motores de automóviles, cristais e latas; tamén pilas, restos de madeira, mobles, ferralla, algún televisor e entullos. Retiráronse uralitas, roupa, calzado, etc... As toallíñas húmidas para hixiene persoal volveron a aparecer en abundancia. As máscaras este ano tamén foron abundantes. É preciso reflexionar sobre o uso destes artigos, e aínda máis sobre o lugar que empregamos para desfacer nos deles, xa que ao tiralos polo retrete rematan nos nosos ríos contaminando os cauces e ribeiras.



Calculamos que os residuos de tódolos concellos suman un total de máis de **14 toneladas**, pero debemos lembrar que o noso principal obxectivo non era este. O voluntariado ambiental non é man de obra barata que poida suplir o traballo da administración, pero si somos unha masa de xente que axuda a concienciar á sociedade. O voluntariado denuncia que a situación dos nosos ríos debe mudar, e para iso facemos actividades como esta. Os ríos non son vertedoiros, e hoxe débese fomentar o uso dos puntos limpos. Cada quen pode recapacitar ante esta situación e tamén reducir o seu consumo de plástico, utilizando botellas reutilizables, usando bolsas de tea, mellorando cada día un chisco este mundo maltratado. Promovemos este ano que cada voluntario e voluntaria levar as súas luvas de goma para evitar o uso das de látex ou vinilo, moito máis fráxiles, e que xeran máis residuos.

Dende ADEGA e Proxecto Ríos agradecemos o tempo e dedicación de todos os colectivos implicados na coordinación da limpeza na súa zona. Agradecer tamén aos concellos o compromiso na conservación dos ríos que atravesan os seus municipios, especialmente os concellos que apoiaron esta limpeza, que foron: A Estrada, Allariz, Ames, Ares, Arzúa, Carballo, Fene, Foz, Gondomar, Meis, Melide, Nigrán, Ponteareas, Pontevedra, Rianxo, Ribadumia, Salceda de Caselas, Santiago de Compostela, Teo, Tomiño, Verín e Xinzo de Limia.

Proxecto Ríos é un proxecto que conta co apoio de Augas de Galicia dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Pero sobre todo e ante todo queremos agradecer o traballo de todas as persoas que se meteron no seu río para limpalo e axudar entre todos e todas a denunciar e solucionar este gran problema. Sen vós isto non sería posible. Un ano máis a sociedade galega, **Mollouse polos Ríos!!**

Moitas Grazas!!


Na seguinte táboa pódense consultar os treitos de río limpados polo voluntariado, así como o número total de participantes e os quilos de lixo retirados:

Concello	Grupo	Voluntarios/as	Río	Kg
A Estrada	Asoc. A Xesteira	13	Veá	300
	Asoc. Pola Defensa do Val do Liñares	8	Liñares	850
A Cañiza	Fundación MundoNatura	3	Acebal	100
A Guarda	Asoc. A Jalleira	12	Tamuxe	50
Allariz	CEA O Rexo	35	Arnoia	200
A Laracha	Concellaría de Cultura	15	Vilán	300
Ames	Aula da Natureza do Concello de Ames	Sen datos		
A Merca	Asoc. Xuvenil Xoldreira	15	Arnoia	20
Ares	Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta Catalina de Montefaro Concello de Ares	5	Frades	230
Arzúa	Asoc. Pescadores do Iso	4	Iso	50
As Pontes	Asoc. EuroEume	9	Eume	70
Baamonde	Cercud (Centro Cultural Recreativo e Deportivo)	10	Parga	29
Betanzos	Fragas do Mandeo	8	Mendo	287
Cangas	ADEGA-Morrazo + ANPA CEIP A Rúa	40	Rego Saiñas	
Castro de Rei	Asoc. Cultural e Deportiva Amigos do Miño	10	Miño	200
Carballo	ADEGA Carballo	3	Anllóns	65
Carral	Asoc. Brexa	35	Brexá e Barcés	100
Catoira	Ecologistas de Catoira ANPA As Lombas	21	Catoira	100
Cenlle	Asoc. Veciñal Lentille	4	O Regheiro	30
Coruña, A	Oficina de Medio Ambiente da UDC	2	Lagar	6
Culleredo	Colectivo Pedras Galladas	9	Charca Laboral	500
Fene	AETNA	19	Baa	200
	Asoc. Betula	30	Baa	400
Foz	Voluntarias do Concello de Foz	12	Alenparte	70
Gondomar	Voluntarios/as do Proxecto Ríos de Gondomar	27	Zamáns	1.000
	Concello de Gondomar	40	Miñor	1.500
Lugo	ADEGA Lugo e Coidemos Lugo	11	Castelo de abaixo	300
	UNED Lugo	14	Rato	50
Marín	Grupo Cultural Ronsel	16	Loira	90
Meis	CPI Mosteiro-Meis Concellaría de Cultura. Concello de Meis Comunidade de Montes de San Tomé	43	Rego San Tome	200
Melide	Asoc. Melidá	9	Furelos	250
Muiños	Asoc. A Corga do Barxés	9	Muiños	150
Navia de Suarna	Asoc. Veciñal Irmandade Naveiga	6	Curveira	80
Negreira e A Baña	Asoc. Afonso Eanes	9	Rego de Duomes	150
Nigrán	Concello de Nigrán / Oficina de Información Cidadá	19	Muiños	250
O Grove	IES As Bizocas	21	Bizocas	5
Ourense	Ecovixiantes de Franciscanas	25	Lonia	300
	Aula da Natureza de Ourense	8	Miño	100
Padrón	Asociación Naturalista Hispella	12	Ulla	185
Parada de Sil	A Fábrica da Luz	2	Mao	5
Ponteareas	Plataforma pola Defensa do Tea	15	Tea	400
Pontevedra	Vaipolorío Fundación Juan XXIII	22	Gafos	80
	Asoc. Quilombo	7	Valdecorvos	200
Porriño	Valora Natura	13	Louro	80
Redondela	AAVV Chapela	39	Maceira-Espiñedo	1.000

	Asoc. Artelixo	20	Pexegueiro	1.000
Rianxo	AAVV do Araño	6	Te	90
Ribadumia	Colectivo Ecoloxista do Salnés	16	Umia	200
Salceda de Caselas	Asoc. Trezecatorze	20	Landres	120
Santiago de Compostela	ADEGA Compostela Gentalha do Pichel	20	Sarela	265
	AFA Montessori	20	Sar	70
Teo	Concello de Teo	10	Rego das Laxes	100
Tomiño	Concello de Tomiño. Concellaría de M.A.	10	Furnia e da Pedra	90
Valga	Muiño Didáctico de Campaña	12	Valga	170
Verín	Asoc. CDR Portas Abertas Concello de Verín	12	Támega	150
	Stars Nature Watchers	26	Támega	50
Vigo	Asoc. Bidueiro	39	Lagares	1.250
Vilalba	ANPA CEIP Antonio Bermúdez	55	Madalena	300
Xinzo de Limia	Concellaría de Cultura e Mocidade	27		
Xunqueira de Ambia	Iniciativa Xunqueira	9	Arnoia	10
TOTAL- 51	67	991	61	14.397

Pódese consultar os grupos de limpeza, ríos nos que se traballou e concellos na seguinte ligazón:

<https://www.google.com/maps/d/edit?mid=10dJNszIUuE6DuZgfdUQdVZWDUBaBfqkO&usp=sharing>





FOTOS DOS GRUPOS PARTICIPANTES

A Coruña- Oficina de Medio Ambiente da UDC



A Estrada- Asoc. A Xesteira



A Estrada- Asoc. Pola Defensa do Val do Liñares



A Guarda- Asoc. A Jalleira



**Ares- Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro e
Concello de Ares**



A Laracha- Voluntariado do Concello de A Laracha



As Pontes- Asoc. EuroEume



Betanzos- Fragas do Mandeo



Cangas-ADEGA-Morrazo + ANPA CEIP A Rúa



Castro de Rei- Asoc. Cultural e Deportiva Amigos do Miño



Carballo- ADEGA-Carballo



Carral-Asoc. Brexa



Catoira- Ecoloxistas de Catoira



Cenlle-Asoc. Veciñal Lentille



Celanova- A Xoldreira



Culleredo-Colectivo Pedras Galladas



Fene- AETNA



Foz- Voluntariado do Concello de Foz



Gondomar- Voluntariado Proxecto Ríos



Gondomar- Concello de Gondomar



Lugo- ADEGA-Lugo, UNED e Coidemos Lugo



Marín- Grupo Cultural Ronsel



Meis- CPI Mosteiro- Meis, Concellaría de Cultura e Concelo de Meis.



Melide-Asoc. Melidá



Muíños-Asoc. A Corga do Barxés



Navia de Suarna- Asoc. Veciñal Irmandade Navega



Negreira- Asoc. Afonso Eanes



O Grove- IES As Bizocas



O Porriño- Asoc. Valora Natura



Ourense- Ecovixiantes Franciscanas



Ourense- Aula da Natureza de Ourense



Parada de Sil- A Fábrica da Luz



Padrón- Asoc. Naturalista Hispella



Ponteareas- Plataforma pola Defensa do Tea



Pontevedra- Vaipolorío e Fundación Juan XXIII



Pontevedra- Asoc. Quilombo



Redondela- AAVV Chapela



Redondela- Asoc. Artelixo



Rianxo- AAVV. do Araño



Ribadumia- Colectivo Ecoloxista do Salnés



Santiago de Compostela-ADEGA-Compostela e Gentalha do Pichel



Santiago de Compostela. AFA Montessori



Salceda de Caselas- Asoc. Trezecatorce



Tomiño- Concello de Tomiño & Centro Alborada



Valga- Muiño Didáctico de Campaña



Verín- Asoc. CDR Portas Abertas e Concello de Verín



Verín- Stars Nature Watchers



Vilalba- ANPA CEIP Antonio Anxo Bermúdez



Vigo- Asoc. Bidueiro



Xunqueira de Ambía- Iniciativa por Xunqueira





Páxina web da limpeza

<http://www.proxectorios.org/limpeza>



Móllate polos ríos

Web de ADEGA e Proxecto Ríos

ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Resultados XIV Limpeza Simultánea de Ríos

991 persoas retiran máis 14 tn de residuos na XIV Limpeza simultánea de ríos do Proxecto Ríos

Fomos novamente notos os persoas as que nos trabamos polos ríos na XIV Limpeza Simultánea. Houbo grupos grandes e pequenos, de cerca e outro e de moitos. Limpamos grandes ríos e tamén pequenos regatos, pero todos a dobre bruto e mesmo obxectivo: caldar os nosos ríos e converter a sociedade da realidade da que sótemos ben conservados. O domingo 25 de setembro de 2021 realizouse a XIV Limpeza Simultánea de Ríos en 51 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades: desde asociacións ecolóxicas, culturais... até fundacións, centros de ensino e centros, dirección de 67 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Gardarías, Pantavedra ou Santiago de Compostela, entre outros. Esta ano fixéronse a limpeza en 61 ríos de río e participaron 991 persoas, unha boa participación para os tempos que corren.

Neste ano contámos a vontade á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenil, ecolóxicas... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levaron participado nesta iniciativa desde o inicio, e ao longo destes catrore anos podemos observar unha diminución de lixo nos beirais dos ríos apostillados por varias entidades, aínda que en 2021 volveron a aparecer rotas de latamóveis, algunhas das que coñecemos e estamos a traballar.



XIV Limpeza simultânea de ríos
 Sábado, 26 setembro 2021

Objetivos principais
 Limpieza simultánea

O Proxecto Ríos de Limpeza organizada dentro o 2000 anos da Limpieza Simultánea de ríos europeos consistiu de 14 anos. É un día de celebración e voluntariado sobre 200 locais ríos para recoñecer o río que temos contra o fluído dos ríos e os ecosistemas fluviais.

Previamente ao desenvolvemento da actividade de limpeza de ríos, os ríos nos ríos fluviais. O seu propósito é permitir a súa saúde.

Este ano 2021 celebramos a décima cuarta edición da limpeza simultánea dos ríos.

O domingo 26 de setembro é a data na que se realizará a actividade. Para participar podes unirse a algún grupo organizado ou ao teu concello ou tamén podes ser a limpeza nun río próximo de casa.

Se desixes contactar co contacto dos coordinadores de cada zona vé [MÓLLATE POLS RÍOS](#).

Concederemos aos grupos participantes do Proxecto Ríos a que se unan, un día máis, a esta iniciativa que inclúe un pequeno vídeo da limpeza a través do voluntariado e vídeos que nos van ser necesarios durante a realización do río.

Tamén convocamos á sociedade en xeral a participar deixando comentarios, cartas, cartas de apoio etc. Se tedes algunha pregunta máis da limpeza a información para este ano 2021.

Poden contactar co río de [MÓLLATE POLS RÍOS](#).

Animamos a participar!

Este ano 2021 pedimos aos grupos participantes que gravaran un pequeno vídeo da actividade de limpeza. Este foi o resultado:

BAAMONDE Ceicud (Centro Cultural)	Parga
BETANZOS Fragas do Mandeo	Merido
CANGAS ADEGA Morrazo ANPA CEIP A Rúa	Rego Saifas Rego Saifas
CASTRO DE REI Asc. Amigos do Miño	Miño
CARBALLO ADEGA Carballo	Arléns



ADEGA e o Proxecto Ríos agradecen o apoio e financiamento das seguintes entidades e dos 22 concellos que axudaron na XIV limpeza simultánea de ríos.

Colaboradores 2021

Organiza:



Promove:



Concellos





XIV Limpeza Simultánea de Ríos



Concello de Melide



Concello de Nigrán



Concello de Pontearreas



Concello de Pontevedra



Concello de Rianxo



Concello de Ribadumia



Concello de Salceda de Caselas



Concello de Santiago



Concello de Teo



Concello de Tomiño



Concello de Verín



Concello de Xinzo de Limia

Proxecto Ríos
Avda. de Castelao 20, baixo
15704. Santiago de Compostela
981 57 00 99